

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDAD, EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD, LA AGENCIA GALLEGA PARA LA GESTIÓN DEL CONOCIMIENTO EN SALUD Y CUIM SIGLO XXI, S.L., ENTIDAD TITULAR DEL CENTRO UNIVERSITARIO SAIUS, PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DE LOS ESTUDIOS OFICIALES DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENFERMERÍA DE PRÁCTICA AVANZADA EN URGENCIAS Y EMERGENCIAS, Y EL MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENFERMERÍA DE PRÁCTICA AVANZADA EN LA ATENCIÓN AL PACIENTE CRÓNICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e formalizaron o 11.10.2023 coa entidade CUIM SIGLO XXI, S.L., titular do Centro Universitario Saius, o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia de catro anos desde o día seguinte ao da súa firma, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou da súa prórroga, podendo prorrogarse de forma expresa por un período de catro anos adicionais. En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente curso académico.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación do programa de prácticas externas a través do cal o alumnado de CUIM Século XXI S.L. poida complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.

Esta formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente, a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

De conformidade coa Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, CUIIM ten como obxecto social exclusivo a educación universitaria, mediante a realización das funcións ás que se refire o apartado 2 do artigo 1 da mencionada lei.

O Centro Universitario Saius, antes denominado "*Centro de Educación Superior Hygiea*", é un Centro de Educación Superior, adscrito á Universidade a Distancia de Madrid (UDIMA), cuxa adscrición foi autorizada mediante a Orde 2166/2019 da Consellería de Educación e Investigación da Comunidade de Madrid, publicada no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid (BOCM) núm. 178, do 19 de xullo de 2019, pola que se autoriza a adscrición, mediante convenio, do Centro de Educación Superior Hygiea á Universidade a Distancia de Madrid.

Que en relación ao réxime xurídico do Centro de Educación Superior Hygiea, agora denominado Centro Universitario SAIUS, no apartado terceiro da Orde de adscrición 2166/2019 establécese que:

"O Centro de Educación Superior Hygiea, cuxa personalidade xurídica é CUIIM Século XXI, S. L., rexerase polo disposto na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e polas normas que no seu desenvolvemento dite o Estado e a Comunidade de Madrid; polo Real Decreto 420/2015, do 29 de maio; polo convenio de adscrición celebrado entre UDIMA e a entidade titular do centro adscrito, e polas súas propias normas de organización e funcionamento, que en todo caso deberán respectar e garantir os principios constitucionais de liberdade académica, manifestada nas liberdades de cátedra, investigación e de estudo."

Que CUIIM Século XXI S.L. obtivo a autorización para o inicio de actividade do Centro de Educación Superior Hygiea, agora denominado Centro Universitario Saius, mediante a ORDE 244/2020, do 9 de decembro, do Conselleiro de Ciencia, Universidades e Innovación, publicada no BOCM núm. 308 do 18 de decembro de 2020.

Que posteriormente, mediante ORDE 1938/2023, do 31 de maio, do Vicepresidente, Conselleiro de Educación e Universidades, publicada no BOCM num. 139 do 13 de xuño de 2023 autorízase o cambio de denominación do centro de Educación Superior Hygiea polo de Centro Universitario Saius e o traslado das súas instalacións.

Por outra parte, o Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico. Esta complexidade, xunto cunha continua innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudantes de múltiples titulacións universitarias, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, adquirir a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.



Tanto a Consellería de Sanidade como o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas desde as universidades.

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e CUIIM SIGLO XXI, S.L. consideran que a colaboración mutua, en canto a transferencia e intercambio do coñecemento, contribúe á mellor realización das actividades propias de cada unha delas, así como á optimización dos seus recursos materiais e humanos.

O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Así mesmo, segundo o disposto no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, as universidades establecerán mediante convenio, programas de cooperación educativa con empresas e entes públicos para a formación do alumnado, a fin de reforzar a súa formación nas áreas operativas, conseguir profesionais cunha visión real e preparar a súa futura incorporación ao mercado de traballo.

Foi vontade destas institucións intensificar as relacións entre o ámbito universitario e o ámbito sanitario, facilitando o achegamento de alumnos/as universitarios/as á realidade profesional do Sistema Sanitario Público e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos impartidos no Centro de Educación Superior Hygiea, posibilitando aos profesionais do Sistema Sanitario o desenvolvemento da súa faceta na docencia.

Este convenio establece as garantías para que poidan cumprirse cos obxectivos de formación, sen menoscabo da calidade asistencial e co necesario recoñecemento aos profesionais que levan a cabo a titorización.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

